

# PAVAROTTI

Ron Howard, 2019

# 627

ESTREA EN NUMAX: 10.01.2020 | V.O.S.E. | +7

Pavarotti (2019, 114')

**Dirección:** Ron Howard

**Guión:** Cassidy Hartmann, Mark Monroe

**Participación:** Luciano Pavarotti, Princesa Diana, Bono

**Son:** Paul Paragon

**Música:** Ric Markmann, Matter Music, Dan Pinnella, Chris Wagner

**Fotografía:** Michael Dwyer

**Montaxe:** Paul Crowder

**Produtora:** Imagine Entertainment, White Horse Pictures (Estados Unidos), Polygram Filmed Entertainment (Reino Unido)

**Distribuidora:** A Contracorriente

**Formato de proxección:** DCP2K

**Idioma orixinal:** Inglés, italiano

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*The Beatles: Eight Days a Week*, 2016

*El código Da Vinci*, 2006

*Una mente brillante*, 2001

*El rescate*, 1996

*Apolo 13*, 1995

*Marea de fuego*, 1991

*Splash*, 1984

## SINOPSE

Luciano Pavarotti foi un tenor lírico italiano, un dos cantantes contemporáneos máis famosos das últimas décadas, tanto no mundo da ópera coma noutros múltiples xéneros musicais, considerado un dos mellores de toda a historia.

«A exuberante personalidade de Pavarotti brilla en case todas as escenas. É un documental que ofrece motivos para sorrir mentres o vemos»

Ken Jaworowski, THE NEW YORK TIMES



## Das notas de produción

Cando Nigel Sinclair, con quen Howard traballou en *The Beatles: Eight Days a Week* e *Rush* anteriormente, mencionou que Decca Records buscaba un realizador que puidese poñer de relevo a esencia da vida e a música de Pavarotti nun documental exhaustivo, Howard sentiu que quería saber máis. Mergullado na súa investigación, tomou consciencia do emocionante que era penetrar no mundo de Pavarotti cos ollos dun neófito respecto a ópera, precisamente o tipo de persoa que a Pavarotti lle encantaba chegar.

A intriga axiña deveu en inspiración a medida que Howard se adentraba nunha historia á que non podía resistirse: o relato dun home de aldea que se ve catapultado en viaxe meteórico cara a cúspide da fama, mentres trata de topar como levar todas as súas axitadas emocións, nervios, soños, e amor aos demais ao longo da viaxe. Pode que a fonte exacta da súa voz máxica sexa sempre un misterio, pero o que atrapou a atención de Howard foi o xeito no que Pavarotti aprendeu a usala.

«Canto máis aprendía, máis percibía a Pavarotti como alguén que se converte en testamento do poder de vivir a túa vida con paixón e desacomplexado

compromiso co que amas» –expresa Howard–. «Primeiro cativoume a forma do seu traxecto, esa destacada carreira sen nada menor que as altas cotas, o vasto éxito. Pero cando mirei máis adentro, tamén vin que cargaba co embate de asumir moitos riscos artísticos. Ese drama non o esperaba, e pareceume extremadamente humano».

A cinta orixinada desenvolveuse e foi financiada por UMG/Polygram. Con miras a outorgarlle ao filme a humanidade e vida que quería Howard, este incorporou o mesmo equipo de rodaxe co que traballou en *Eight Days a Week* (...) Mentres examinaba a fondo metraje exclusivo, interpretacións memorábeis, entrevistas de arquivo e dúcias de novas entrevistas, Howard foi achegándose a unha tensión esencial no ser de Pavarotti. Dunha parte tiñamos a este personaxe terreal e despreocupado que gozaba das cousas boas da vida con humildade vivaz. Pero doutra tamén estaba un home que combatía as complexidades dunha fama enorme, as expectativas polas nubes, e as relacións turbulentas; todo coa énfase do crecente sentido de responsabilidade que Pavarotti tiña á hora de dar co modo de usar a súa voz e poder para algo máis satisfactorio e duradeiro que a fama.

Todo era... digamos... de natureza tan operística que a Howard ocorréuselle a idea de estruturar o filme enteiro nunha ópera en tres actos. Ao fin e ao cabo, que outra cousa podía ser a vida de Pavarotti? Ese concepto deu forma a todo. Así, Howard podía ver o filme como un drama

puntuado por arias apaixonadas onde resaltar os contrastes entre o espectáculo desbordante e unha humanidade pura e cotiá.

«Entendín o filme como unha oportunidade para explorar a vida de Pavarotti por medio de metraje nunca antes visto e entrevistas íntimas co home mesmo, así como co seu círculo familiar e de amizades máis estreito» – comenta Howard–. «Pero tamén cheguei a descubrir que un dos obxectivos máis ambiciosos de Pavarotti era ampliar o alcance da súa arte para que máis xente se enamorase da ópera. Unha e outra vez saía do seu camiño, xa fose para ensinar ou para viaxar ao corazón de América ou China, co fin de iniciar a xente no poder da ópera. Así que tamén eu albergo a esperanza persoal de que o noso documental contribúa a esa labor. A Luciano apaixonáballe tanto a música como a xente. E quería achegar a beleza da música a tanta xente de todo o mundo como lle fose posíbel».

Publicado en [acontracorrientefilms.com](http://acontracorrientefilms.com)  
Tradución: Olalla Cociña

### O director

Ron Howard (Oklahoma, 1954) é coñecido por dirixir un ecléctico e amplo rango de filmes, desde comedias como *Cocoon* e *Splash* até dramas como *Apolo 13* e *Una mente brillante*, coa que gañou un Oscar ao mellor director. Dirixiu as adaptacións cinematográficas de *El Código Da Vinci* e a súa secuela *Angeles y demonios*. Tamén ten participado como actor en series como *M\*A\*S\*H* ou *Happy Days* e en filmes como *American Graffiti* [George Lucas, 1973].

## ANA XA TEN O SEU ABONO

E ti, a que agardas para abonarte?

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

